



Expte. núm. 2024/C004/0000002

Marina Núñez Orjales, secretaria do Concello das Pontes de García Rodríguez

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de data 26/06/2024, acadou, entre outros, o seguinte acordo:

2º.- APROBAR O EXPEDIENTE DE LICITACIÓN DO CONTRATO PRIVADO DO SERVIZO DE “INTERPRETACIÓN ARTÍSTICA DAS ORQUESTRAS PARA AS FESTAS DO CARME E A FRAGA 2024”

O presidente deu conta do expediente que se tramitou para a licitación, mediante procedemento negociado sen publicidade, do servizo de “Interpretación artística das orquestras para as festas do Carme e da Fraga 2024”.

No expediente con referencia 2024/C004/000002, constan os seguintes antecedentes:

- O día 13/03/2024 (RE núm. 202499900001093), a empresa Soto Espectáculos As Pontes, SL, presenta un orzamento de diversas orquestras. O orzamento ascende a 185 735 €, IVE incluído. O orzamento inclúe equipamento técnico de son e iluminación; escenarios; transporte; carga e descarga dos equipos; dietas; e calquera gasto preciso para realizar as actuacións.
- En data 14/03/2024, xustifícase a necesidade da licitación.
- O prego de prescricións técnicas asinouse o día 03/04/2024.
- En data 21/06/2024 (RE núm.202499900002445), preséntanse as cartas de exclusividade de diversas orquestras para as festas do ano 2024 no concello das Pontes (Marbella, Capitol, París de Noia, La Misión, Los Players, Los Satélites, Olympus, Grupo Origen, Grupo Pasión, Grupo Antha, Grupo Jaque e Louband).
- O prego de cláusulas administrativas ten data xuño de 2024. O prego asinouse o día 24/06/2024. A CPV do contrato é 92312100-2: Servizos artísticos de grupos de cantantes.
- O informe de Secretaría, favorable a aprobación do expediente, ten data 24/06/2024.
- O informe de Intervención, núm. 231/2024, e de data 25/06/2024; no informe confirmase a existencia de crédito.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos antecedentes citados e do disposto nos artigos 28, 117.1 e 168 da Lei 9/2017, do 09 de novembro, de contratos do sector público (LCSP); nos artigos 184 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e 54 e 55 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, de desenvolvemento do capítulo I do título VI da Lei reguladora das facendas locais, que regulan a autorización dos créditos orzamentados; e na D.Ad.IIª, número 1, da LCSP, que recolle o réxime de competencias na contratación local; e do decreto da Alcaldía número 1528/2023, do 5 de xullo, de delegación de competencias na Xunta de Goberno Local, acorda, por unanimidade, dos membros presentes:

- 1º) Aprobar o expediente de licitación do servizo de “Interpretación artística orquestras para as festas do Carme e da Fraga 2024”, mediante o procedemento negociado sen publicidade, que se tramitará segundo o previsto no artigo 170.2 da LCSP.
- 2º) Autorizar un crédito de 185 735,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 3384.22608.



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 REL 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencms/g/index.html>

Ref.: MGM

Expte. núm. 2024/C004/0000002

Expido este certificado para que conste no citado expediente, coa salvidade prevista no artigo 206 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, co visto e praxe da concelleira-delegada da Área de Benestar Social, Igualdade, Educación e Contratación.

A concelleira-delegada (V.e Pr.)

M^a Tania Pardo Cabarcos